
AUDITORIO DE GALICIA

CONCERTOS
DE ABONO

REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

2017 → 2018

XOVES 26
ABRIL 2018
20.30 h
Auditorio de Galicia

CHRISTOPH KÖNIG Director
TASMIN LITTLE Violín

Sala Mozart
19.45 h

Convers@ndo con
CHRISTOPH KÖNIG Director

PROGRAMA

I

JOHANNES BRAHMS (1833-1897)

Variacións sobre un tema de Joseph Haydn, op. 56a

Tema. Andante

Variación I. Poco più animato

Variación II. Più vivace

Variación III. Con moto

Variación IV. Andante con moto

Variación V. Poco presto

Variación VI. Vivace

Variación VII. Grazioso

Variación VIII. Presto non troppo

Finale. Andante

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Concerto para violín núm. 4 en Re maior, K. 218

Allegro-forma sonata

Andante cantabile

Rondó. Andante grazioso - Allegro ma non troppo

Tasmin Little, violín

II

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Sinfonía núm. 1 en Do maior, op. 21

Adagio molto - Allegro con brio

Andante cantabile con moto

Menuetto. Allegro molto e vivace

Finale. Adagio - Allegro molto e vivace

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 25 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecelle ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Magdalena Gacek ***
Victoria Jurov
Michal Ryczel
Anna Alexandrova
Claudio Guridi
Ildikó Oltai

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Gyula Vadaszi
Theologos Kouvatiss ***
Samira Ajkic
Irina Gruia
Elna Viksne

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **

Iriana Fernández
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru
Carolina Uriz ***
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Millán Abeledo
Carlos García
Jorge Merchán ***
Alexandre Llano

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart
Miguel Ángel Luzárraga***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Beatriz Gallardo ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Cecilia Castro ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Mario Vercher ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Adrián Lavía ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Germán Agulló (R)

CHRISTOPH KÖNIG

Director

“König deu á actuación un envolvente sentido de atemporalidade. Aínda que se amosaba comedido nos seus xestos ao marcar o ritmo, a música flotaba sen peso”. Washington Classical Review (3 de xuño de 2017)

Director de grande intelixencia e musicalidade, Christoph König é amplamente admirado polas súas interpretacións, cheas de claridade, sensibilidade e elegancia. Na actualidade ocupa o posto de Director Principal e Director Musical dos Solistas Europeos de Luxemburgo. Con anterioridade foi Director Principal da Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música (2009-2014) e da Sinfónica de Malmö (2003-2006). Colabora con regularidade con orquestras como a Royal Philharmonic Orchestra, BBC Scottish Symphony, BBC National Orchestra of Wales, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra de RTVE, Sinfónica de Pittsburgh e a Sinfónica de Baltimore. Ademais, ten dirixido á Orquestra Estatal de Dresde, Orquestra de París, Sinfónica Nacional Danesa, Filharmónica de Holanda, Orquestra da Radio Norueguesa, Orquestra de Valencia, Filharmónica de Dresde, Filharmónica da Radio de Saarbrücken, Filharmónica de Bremen, Sinfónica de Barcelona, Orquestra de Euskadi e Sinfónica de Castilla y León. Tamén se ten posto á fronte das Sinfónicas de Melbourne, Nova Zelandia, Adelaida, West Australian Symphony e da Filharmónica de Malaisia.

Dende o seu impresionante debut nos Estados Unidos en 2010, regresou en múltiples ocasións, actuando coas Sinfónicas de Pittsburgh, Baltimore, New Jersey, Houston, Indianápolis, Cincinnati, Vancouver, Oregón, Milwaukee, Toronto, Seattle Symphony e a Filharmónica de Los Ángeles.

A súa experiencia no mundo da ópera inclúe producións de *O rapto no serrallo*, *A frauta máxica* e *O turco en Italia* na Ópera de Zúric; *O rapto no serrallo* no Teatro Real de Madrid; *Don Giovanni* na Ópera Nacional de Stuttgart; e *A frauta máxica* e *Rigoletto* na Ópera Alemá de Berlín. Na súa discografía inclúense gravacións para Hyperion, DB Productions, Vivo, Chandos e SEL Classics. Na temporada pasada estreouse con Rubicon Classics cunha gravación das Sinfonías de Beethoven e Méhul, relación que continúa en 2018 con Schubert e Berio.

König naceu en Dresde, onde cantou no seu famoso Coro da Cruz. Estudou dirección de orquestra, piano e canto na Musikhochschule de Dresde. Os seus primeiros traballos como director levárono a recibir clases maxistras de, entre outros, Sergiu Celibidache e Sir Colin Davis, con quen ten colaborado como asistente de dirección. Comezou a súa carreira profesional como Director Principal na Ópera de Bonn.

TASMIN LITTLE

Violín

“Unha das máis grandes violinistas do noso tempo”.

Music-Web International

“Little é, sen dúbida, a mellor violinista de Gran Bretaña”. The Independent

Tasmin Little consolidouse como unha das violinistas internacionais máis destacadas da actualidade.

Ten actuado en todos os continentes e nalgúns dos escenarios máis prestixiosos do mundo como o Carnegie Hall, Musikverein, Concertgebouw, Philharmonie Berlin, Vienna Konzerthaus, South Bank Centre, Barbican Centre, Royal Albert Hall,

Lincoln Center ou Suntory Hall.

Entre as súas actuacións en concerto destacan as realizadas coa Sinfónica de Adelaida, Filharmónica de Berlín, Sinfónica de Bournemouth, Sinfónica de Berlín, Sinfónica de Birmingham, Filharmónica de Hong Kong, Orquestra da Gewandhaus de Leipzig, Sinfónica de Londres, Filharmónica de Londres, Filharmónica de Malaisia, Filharmónica de Nova York, New Japan Philharmonic, Philharmonia, Filharmónica da Radio dos Países Baixos, Royal Philharmonic, Royal Scottish National, Filharmónica de Liverpool, Sinfónica de Seattle, Sinfónica de Singapur, Sinfónica de St. Louis, Orquestra do Ulster, West Australian Symphony e todas as orquestras da BBC. Estreou obras de Willem Jeths, Robin de Raaf, Stuart MacRae, Robert Saxton e Dominic Muldowney. Destaca a estrea de *Four World Seasons* de Roxanna Panufnik nunha emisión en vivo da BBC, que posteriormente se levou aos Xogos Olímpicos de Londres 2012. É unha das poucas violinistas que ten sido capaz de tocar o esixente *Concerto para violín* de Ligeti.

É artista en exclusiva do selo Chandos Records. A súa gravación do *Concerto para violín* de Elgar con Sir Andrew Davis e a Royal National Scottish Orchestra obtivo unha resposta espectacular por parte da crítica e foi premiada co Critic's Choice Award nos Classic BRIT Awards de 2011. A súa gravación do *Concerto para violín* de Britten con Edward Gardner e a Filharmónica da BBC tamén recibiu magníficos eloxios da crítica. En 2016 publicou un triplo CD con todas as sonatas de Beethoven xunto a Martin Roscoe, escollido polo Sunday Times como "Álbum da Semana". Entre outros premios que ten recibido, destacan un Gramophone Award polo seu innovador programa de divulgación musical, un Diapason d'Or polo seu

disco de *Sonatas para violín* de Delius con Piers Lane, ademais dun Gold Badge Award pola súa contribución á música.

Co fin de derribar barreiras no mundo da música clásica, en 2008 creou o seu propio proxecto, *The Naked Violin*, editando un CD que se podía descargar gratuitamente da súa páxina web e actuando en comunidades onde rara vez se escoita música. Días despois do lanzamento, 6.500 páxinas web crearan enlaces á web de Tasmin e, uns meses máis tarde, máis de medio millón de persoas visitáranla e descargaran o CD. O proxecto continúa na actualidade no Reino Unido e levouno de xira por América, China, Nova Zelandia, Irlanda e Dubai.

Tasmin Little é membro da Guildhall School of Music and Drama (Londres), vicepresidenta da Elgar Society, embaixadora de The Prince's Foundation for Children and the Arts e de Youth Music. Ademais, ten recibido títulos honoríficos das universidades de Bradford, Leicester, Hertfordshire e da Cidade de Londres. En 2016 foi condecorada co título de Membro Honorífico da Royal Academy of Music pola Academia e Universidade de Londres. En 2012 foi nomeada Oficial da Orde do Imperio Británico na lista de condecorados do Xubileo de Diamante de Isabel II polo seu servizo á música. Toca un violín Giovanni Battista Guadagnini de 1757.

Johannes Brahms (Bonn, 1833 - Viena, 1897)
Variacións sobre un tema de Joseph Haydn, op. 56a
En 1862 Johannes Brahms, na procura de ingresos máis estables, instálase en Viena onde teñen lugar dous importantes encontros: con Richard Wagner e co musicólogo e crítico Eduard Hanslick, quen o apoiará incondicionalmente. Nesa década compón grandes obras para piano: *Variacións sobre un tema de Haendel*, *Variacións sobre un tema de Paganini*, pezas de música de cámara e o *Réquiem alemán* e avanzando nos anos 70 -os seus anos de madurez- escribe, entre outros, as *Variacións sobre un Tema de Haydn* e a *Primeira Sinfonía*. Para profundar no estilo de Brahms é preciso ter referencias como a herdanza de Beethoven no 'contido conflictivo' da súa música; de Schubert, o apego polas melodías populares; de Schumann, o lirismo e o sentido da heroicidade cabaleiresca; os modelos clásicos e preclásicos e a súa exaltación da 'música pura' na liña de Schumann e Hanslick. Brahms desenvolveu un estilo propio, para a súa música orquestral, polo que motivos e temas discorren dun instrumento a outro, e o director cambia dunha sección da orquestra a outra. O instrumento que parece ter prendido a imaxinación do compositor por timbre e cor é o corno e utilízao como solo na *Segunda Sinfonía*, o *Concerto para piano núm. 2* e as *Variacións sobre un Tema de Haydn* (1873) que obviamente foron inspiradas por ese instrumento. Estas *Variacións* escritas para dous pianos son máis famosas na versión orquestral numerada op. 56a. A peza tamén é coñecida como *San Antonio*, pois o tema base vén do anónimo coral dese nome, ao parecer descuberto polo musicólogo amigo de Brahms, Karl Ferdinand Pohl e que xa Haydn empregara nun divertimento para ventos; o tema era atractivo para Brahms pola irregular estrutura e sobre el, compuxo oito variacións e un *Finale*. A maioría delas presentan proporcións similares ás do tema base e manteñen case a tonalidade de si bemol, con esporádicas desviacións ao modo menor. Cada variación ten sutís alteracións harmónicas e liberdade

melódica total. O *Finale*, un *passacaglia* sobre unha figura *ostinato* de cinco compases derivada do tema, repetida polo menos 17 veces, vai orixinando pequenas e novas variacións que se conectan unhas con outras nun proceso no que o ornamental e o esencial intrínscanse con brillantez. Ao final volve o tema do coral como peche dunha partitura trazada con obxectividade clásica por un compositor romántico.

Wolfgang Amadeus Mozart (Salzburgo, 1756 - Viena, 1791)

Concerto para violín núm. 4 en Re maior K 218

Aínda que Mozart foi, sobre todo, un gran pianista, tamén recibiu do seu pai unha sólida formación violinística e, posiblemente, de aí a súa atracción, como compositor, polo encanto do violín. Así, entre abril e decembro de 1775, Mozart compuxo cinco concertos para violín e orquestra, *K 207, 211, 216, 218 e 219* que contribuíron, en especial os tres últimos, á súa admirable colección de obras mestras pola elegancia da escritura, o seu capital tímbrico, a súa exuberante inspiración e o dominio da forma, insólito para un adolescente de 19 anos salvo que se trate dun xenio como o de Salzburgo. Cada un destes concertos parecen ter sido escritos para Mozart quen, unha vez abandonada a orquestra da corte, é substituído por Antonio Brunetti, que revisa os concertos actualizando a escritura do violín e convirte os *K 218 e 219* en pezas tecnicamente moi esixentes. O brillante *Concerto núm. 4* está composto en Re maior, algo non casual xa que esa clave, en xeral, é a máis frecuente nos concertos de violín porque é en Re maior onde o instrumento, pola afinación das súas cordas, vibra máis libremente e soa máis amplo. Mozart aproveita esa capacidade tonal inventada en ocasións a medida que progresa o concerto, desde os resonantes unísonos e oitavas da abertura da orquestra até a brillante entrada do solista sobre ese mesmo material e os arpexios que van cara ao resumo da abertura. Así, o primeiro

movemento *Allegro* apóiase nun tema un tanto punzante, que outorga ás sonoridades un perfil seco e áxil; despois do *tutti* inicial, con certo aire marcial, aparece o primeiro tema do solista. O *Andante cantabile* é unha xoia aínda que non tan recoñecida como os movementos lentos dos *Concertos núm. 3 e núm. 5*. O tema principal do *Andante grazioso* do último movemento non presenta un tempo claramente definido, variando entre 2/4 e 6/8. Mozart regresa ao tipo de final do Rondó francés -no cal a música para de súpeto, e ás veces con moito humor, dispárase nunha dirección de todo nova por un tempo-empregado no anterior concerto para violín, esta vez incorporando unha *xiga* e unha *gavota* folklórica na parte media.

Ludwig van Beethoven (Bonn, 1770 - Viena, 1827)

Sinfonía núm. 1 en Do maior op. 21

Na extensa obra de Ludwig van Beethoven adóitanse distinguir tres grandes períodos. O das súas composicións xuvenís, dentro das liñas do clasicismo pero xa con relevantes innovacións persoais, finaliza en 1802 dando lugar a un segundo período creativo que, en xeral, comprende a maior parte da súa obra sinfónica (1802-1815). Finalmente, pódese falar dun terceiro período, até pouco antes da súa morte, no que Beethoven se enfrenta á incompreensión dos seus coetáneos. Entre as composicións do primeiro período destacan as súas dúas primeiras sinfonías, escritas entre 1800 e 1802, seguramente, sobre o modelo de Haydn polo que ambas están máis preto da tradición clásica que da linguaxe propia da madurez do compositor aínda que o plantel instrumental da *Primeira Sinfonía* vincúlase máis ao que Mozart empregaba nas súas óperas que ao das sinfonías haydnianas; nela, aparecerán moitos elementos que despois utilizará repetidamente nas súas seguintes sinfonías. Con todo, en 1801 sofre unha xordeira irreversible que marcará a súa música e o seu carácter nos anos vindeiros; tal e como se recolle

na carta que lle escribe a quen fora o seu médico, Beethoven non quería dar a coñecer a súa enfermidade, e, a esta traba, engádese o fracaso amoroso con Julieta Guicciardi, circunstancias que levan ao músico a escribir o coñecido “testamento de Heiligenstadt”, un dos documentos vitais do músico que marcou a conciencia do século XIX. A *Sinfonía núm. 1* estreouse o 2 de Abril de 1800, e nela Beethoven mantense ancorado ao período clásico, moi preocupado polo coidado dos elementos formais. A homenaxe a Haydn xa é obvia no primeiro dos seus catro movementos pois tras unha lenta introdución -que despois será sinal de identidade das obras sinfónicas do músico, especialmente na *Sétima Sinfonía*- desenvolve a forma sonata, por non falar do sentido do humor que se manifesta no arranque do final, onde o tema vai aparecendo nos primeiros violíns aos poucos até resolverse no *Allegro molto e vivace* que aínda denominado *menuetto*, é claramente un *Scherzo* impetuoso e enérxico que, como tal, soamente retomará na súa *Oitava Sinfonía*. O *Finale (Adagio-Allegro-Vivace)* concentra a explosión sonora da obra e o seu carácter xubililar queda patente desde os primeiros compases. O segundo é introducido por un breve elemento nos primeiros violíns, resaltado por un aéreo movemento nos baixos. A *coda* remata extensamente esta obra, que na súa primeira interpretación, foi acompañada por obras de Haydn e Mozart.

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 3 de maio 20.30 h

Ciclo de piano Ángel Brage
Mariam Batsashvili, piano

J. S. Bach / F. Busoni, *Chaconne en re menor BWV 1004*

W. A. Mozart, *Rondo en la menor KV 511*

F. Schubert, *Impromptu núm. 1 en fa menor op. 142 D935*

F. Liszt, *Rapsodia Húngara núm. 12 S. 244/12*

F. Chopin, *Andante Spianato e Grande Polonaise Brillante op. 22*

F. Liszt, *Fantasías sobre temas de Mozart, As vodas de Fígaro e Don Giovanni S697*

Venres 25 de maio 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jaime Martín, director

Lucas Macías, óboe

M. Ravel, *Ma Mère l'Oye*

R. Strauss, *Concerto para óboe e orquestra*

I. Stravinski, *Petrouschka*

19:45 h Convers@ndo con...

Jaime Martín

Lucas Macías



A cafetería permanecerá aberta ao remate do concerto.
Cómpre retirar os vehículos do garaxe trala fin do espectáculo.



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA